



Descarrega o calendario e imprímeo en follas tamaño A4.
Recorta dúas veces sobre un soporte ríxido, como cartón, o troquel da peana.
Despois pega e recorta as follas que farán o interior.
Encaderna con espiral ou argolas.

2015


A ciencia ten nome de muller



Corta pola liña descontinua dúas
pezas iguais sobre un soporte algo
ríxido (cartón...)



1º Dobra a follla á metade e pega
2º Corta pola liña descontinua




2015

A ciencia ten nome de muller

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Xaneiro

Mª José Alonso Fernández

(Carrizo de la Ribera, León, 1958)

Catedrática de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica da USC. Traballou na Université Paris-Sud e no MIT. Foi vicerreitora de Investigación e Innovación da USC de 2006 a 2010.

Desde 1992 dirixe o grupo de investigación de Nanobiofármacos no centro de investigación CIMUS-Campus Vida da USC. Dirixiu proxectos de investigación financiados pola OTAN, a OMS, a Fundación Bill & Melinda Gates ou a Comisión Europea. É autora de máis de 200 publicacións científicas e inventora de 19 patentes. O impacto destes traballos levouna a ocupar o posto núm. 1 no ámbito de Farmacoloxía no Estado e o núm. 9 a nivel mundial, segundo o Times Higher Education-Thomson Reuters.

Membra da Real Academia Nacional de Farmacia, da Academia Galega de Farmacia e da Real Academia Galega de Ciencias.

Obtivo numerosos premios, como o Rey Jaime I de Nuevas Tecnologías 2011, o María Josefa Wonenburger 2013 e o premio Maurice Marie Janot da International Association for Pharmaceutical Technology.

Webs:

<http://webspersoais.usc.es/mariaj.alonso>

<http://www.usc.es/cimus/gl>

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

As historias da ciencia non recollen as achegas das mulleres nin recoñecen o seu traballo polo que podería parecer que non houbo científicas ou que a participación feminina no desenvolvemento da humanidade se reduce a un par de figuras «excepcionais».

Vivimos nunha sociedade machista que establece o masculino como referente universal en todos os ámbitos. A participación feminina na ciencia, igual que noutros moitos campos, foi ocultada reforzando a idea de que todos os descubrimentos para o avance do coñecemento son sempre cousa de homes.


Mais si que existiron mulleres protagonistas na historia da ciencia, si hai investigadoras desenvolvendo as súas carreiras profesionais a pesar das eivas de xénero. Este calendario pretende facerlles un recoñecemento recollendo algunhas desas figuras, fundamentais para o desenvolvemento científico e para o avance da sociedade e referentes nas carreiras profesionais das futuras investigadoras.



lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

1º Dobra a folia á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Mar Capeáns Garrido

(Santiago de Compostela, 1967)

Licenciouse en Física no ano 1991 e doutorouse en Física de Partículas en 1995 pola usc.

Traballa na Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN) en Xenebra desde 1992, cando se incorporou ao grupo do Premio Nobel Georges Charpak a través dun programa para estudantes.

Permaneceu alí con contratos de investigación ata 1998, ano no que decidiu trasladarse a Alemaña, primeiro ao DESY (Hamburgo) e despois á Universität Heidelberg. En 2001 regresou ao CERN para formar parte do persoal investigador do experimento ATLAS, participando desde entón en varias fases do proxecto LHC (The Large Hadron Collider) en colaboración con grupos científicos de todo o mundo. Actualmente lidera o grupo de Tecnoloxía de Detectores.

En 2006 realizou un MBA en Xestión de Proxectos Tecnolóxicos para ampliar a súa perspectiva sobre o traballo que leva a cabo.

Web:

<http://ph-dep-dt.web.cern.ch>




lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



Mª José Alonso Fernández

(Carrizo de la Ribera, León, 1958)




Xaneiro

luns	martes	mércoles	xoves	venres	sábado	domingo
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28 <i>Santo Tomé de Aquino</i>	29	30	31	1
2	3	4	5			

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Ángela Ruiz Robles

(Villamanín, León, 1895 – Ferrol, 1975)

Mestra e inventora, estudou na Escuela de Magisterio de León, onde impartiu clases ata que en 1918 obtivo a praza e se trasladou a Ferrol.

Na década de 1940 deseñou e realizou o atlas científico-gramatical, para dar a coñecer España con gramática, sintaxe, morfoloxía, ortografía e fonética; a máquina taquimecanográfica e, en 1949, unha enciclopedia mecánica, proxecto co que obtivo premios no Estado e en certames internacionais en París, Bruxelas ou Xenebra.

Impartiu conferencias e escribiu e publicou 16 libros.

En 1959 foi nomeada xestora delegada da Agrupación Sindical de Inventores Españoles en Galicia e, desde 1973, foi xefa provincial da Federación Politécnica Científica da Inventiva Internacional, a onde pertencía como Enxeñeira en Inventiva e Investigación Científica.

En 2011 a Universidad de Granada fíxolle unha homenaxe por ser a precursora do libro electrónico.

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

Marzo



lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Febreiro



Mar Capeáns Garrido

(Santiago de Compostela, 1967)


luns martes mércores xoves venres sábado domingo

26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6 <i>Día internacional contra a mutilación xenital feminina</i>	7	8
9	10	11	12	13	14 <i>Día europeo da saúde sexual</i>	15
16	17 <i>Martes de Entroido. Festivo local Ourense</i>	18 <i>Mércores de Cinza. Festivo local Pontevedra</i>	19	20	21	22 <i>Día pola igualdade salarial</i>
23	24	25	26	27	28	1
2	3	4	5			

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Abril

Patricia Sanmartín Sánchez

(Salvaterra de Miño, Pontevedra, 1981)

Licenciada en Química pola USC, doutorouse en 2012 conseguindo o premio á Investigación 2013 da Deputación de Pontevedra. Realizou estadias en Alacante e Milán e gañou premios como nova investigadora na University UC Davis (California), a Universitat d'Alacant, o INIBIC e a bolsa de posgrao no estranxeiro da Fundación Barrié.

Impartiu docencia na USC, na Università degli Studi di Milano e na Universidad Autónoma de Campeche (México). É revisora en varias revistas científicas e autora de máis de 45 publicacións, 23 delas en revistas incluídas no JCR.

Membra do grupo de investigación GEMAP-USC desde 2005, participou en 23 proxectos de investigación, dous deles europeos. Durante o último ano traballou no grupo de Microbioloxía Aplicada ao Patrimonio Histórico e Artístico de Ralph Mitchell na Harvard University e actualmente atópase no departamento de Ciencias para os Alimentos, a Nutrición e o Ambiente (DEFENS) da Università degli Studi di Milano.

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			



Ángela Ruiz Robles

(Villamanín, León, 1895 – Ferrol, 1975)


Marzo

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
23	24	25	26	27	28	1
2	3	4	5	6	7	8 <i>Día internacional das mulleres</i>
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28 <i>Reconquista de Vigo. Festivo local Vigo</i>	29
30	31	1	2			

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



María S. Soengas González

(Agolada, Pontevedra, 1968)

Estudou na UDC e na Universidad Autónoma de Madrid onde se licenciou en Bioloxía Molecular. Doutorouse con honores polos seus estudos no Centro de Bioloxía Molecular Severo Ochoa dirixido por Margarita Salas.

En 1997 trasladouse ao laboratorio Cold Spring Harbor en Nova York, desde onde colaborou co Memorial Sloan Kettering Cancer Center, centro de referencia mundial na loita contra o cancro; en 2002 uniuse á University of Michigan para desenvolver un programa de investigación e creou o seu propio grupo de investigación con só 33 anos.

Desde 2008 é a directora do Grupo Melanoma do Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas e desde 2012 coordina o Decanato de Asuntos Científicos deste centro

Autora de numerosas publicacións e recoñecida con diferentes premios nacionais e internacionais polos seus estudos na loita contra o cancro.

Web:

<http://www.cnio.es/es/grupos/plantillas/presentacion.asp?pag=903>

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

04



Patricia Sanmartín Sánchez

(Salvaterra de Miño, Pontevedra, 1981)

Abril

<i>luns</i>	<i>martes</i>	<i>mércoles</i>	<i>xoves</i>	<i>venres</i>	<i>sábado</i>	<i>domingo</i>
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7			


Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

05

<i>lun</i>	<i>mar</i>	<i>mér</i>	<i>xov</i>	<i>ven</i>	<i>sáb</i>	<i>dom</i>
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Xuño

Alicia Estévez Toranzo

(Pontevedra, 1955)

Catedrática de Microbioloxía e Parasitoloxía da usc e membra do órgano de goberno do Instituto de Acuicultura da usc.

Estudou na University of Maryland e na University of Oregon e regresou a Galicia en 1981. Investigadora con sete patentes relacionadas coa acuicultura, o seu traballo céntrase no campo da Biotecnoloxía, concretamente no estudo de patoloxías de peixes —ictiopatoloxía— e a elaboración de vacinas para acuicultura.

Dirixiu 17 teses de doutoramento e publicou preto de 300 traballos de investigación en revistas científicas e numerosos capítulos de libros.

Obtivo o Premio Jaime Ferrán que outorga a Sociedade Española de Microbioloxía, na categoría de nova investigación no ano 1993 e o Título de Excelencia Galega en Investigación 2006 da Asociación de Empresarios Galegos en Cataluña.

Catedrática numeraria de Farmacia e Bioloxía da RAGC, foi a segunda muller en entrar despois de Pilar Fernández Otero.

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

05

Maio



María S. Soengas González

(Agolada, Pontevedra, 1968)

<i>luns</i>	<i>martes</i>	<i>mércores</i>	<i>xoves</i>	<i>venres</i>	<i>sábado</i>	<i>domingo</i>
27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24 <i>Día internacional das mulleres pola paz e o desarme</i>
25	26	27	28 <i>Día internacional da acción pola saúde das mulleres</i>	29	30	31
1	2	3	4			


Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

06

<i>lun</i>	<i>mar</i>	<i>mér</i>	<i>xov</i>	<i>ven</i>	<i>sáb</i>	<i>dom</i>
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Rocío Sotillo Román

(Madrid, 1975)

De orixe ourensana, creceu en Vigo e licenciouse en Farmacia pola Universidad CEU San Pablo e doutorouse en Bioloxía Molecular na Universidad Autónoma de Madrid. Traballou no CNIO e despois trasladouse ao Memorial Sloan Kettering Cancer Center (Nova York).

Desde o ano 2010 forma parte do EMBL (European Molecular Biology Laboratory) en Monterotondo (Italia) e desde 2011 é investigadora do European Research Council, onde está centrada en estudar como certas anomalías cromosómicas poden influír na recorrencia dos tumores.

Acadou numerosos premios pola súa labor, como o Memorial Sloan Kettering Cancer Center Research Fellow Award, o Charles H. Revson Foundation Award, o Thomas G. Labrecque Foundation Award, o Uniting Against Lung Cancer Program ou o European Research Council Investigator. No ano 2011 o Howard Hughes Medical Institute outorgoulle o International Early Career Scientists, un galardón co que reconece a 28 profesionais da investigación de fóra dos EUA con potencial suficiente para converterse en líderes a nivel mundial.

Actualmente é catedrática na Universität Heidelberg (Alemaña).

Web:

http://www.embl.it/research/unit/sotillo/members/?s_personId=CP-60011933

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

Xullo

07

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

06

Xuño



Alicia Estévez Toranzo

(Pontevedra, 1955)


luns martes mércores xoves venres sábado domingo

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28 <i>Día internacional do orgullo LGTBQI</i>
29	30	1	2	3	4	5
6	7	8	9			

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

1º Dobra a folia á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Mª del Carmen Martínez Rodríguez

(Cangas del Narcea, Asturias, 1961)

Licenciada e doutora en Bioloxía pola usc. Iniciou a súa carreira investigadora no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia e completou a súa formación con estadias en Francia, Italia e Alemaña.

En 1999 obtivo a praza de Científica Titular do csic na Misión Biolóxica de Galicia e fundou o seu equipo de investigación que actualmente é un dos de maior produción científica en viticultura a nivel internacional. Na actualidade é Investigadora Científica e dirixe o Departamento de Viticultura e Forestal.

Liderou numerosos proxectos de investigación públicos e privados, foi a responsable de 32 contratos de transferencia e autora da selección de 25 clons de diversas variedades de vide ademais de participar na patente dun lévedo ecotípico.

É autora dun centenar de artigos e nove libros, revisora de varias revistas, avaliadora da ANEP e colaboradora nunha decena de grupos de investigación vitícolas internacionais e en todos os estatais.

Participa en numerosas actividades de divulgación científica.

Web:

http://www.mbg.csic.es/vitis/es/quienes_somos.php

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

07



Rocío Sotillo Román

(Madrid, 1975)

Xullo

<i>luns</i>	<i>martes</i>	<i>mércores</i>	<i>xoves</i>	<i>venres</i>	<i>sábado</i>	<i>domingo</i>
29	30	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11 <i>San Bieito. Festivo local Pontevedra</i>	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6			


Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



<i>lun</i>	<i>mar</i>	<i>mér</i>	<i>xov</i>	<i>ven</i>	<i>sáb</i>	<i>dom</i>
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

1º Dobra a follla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Setembro

Pilar de Madariaga Rojo

(Madrid, 1903 – 1995)

De ascendencia materna lucense e vinculada a Galicia, iniciouse en ciencias no Laboratorio Foster da Residencia de Señoritas. Licenciouse en Ciencias Químicas pola Universidad de Madrid e obtivo unha bolsa para estudar espectroscopía e óptica física no Vassar College (Nova York), que completou con outra da Junta de Ampliación de Estudios. En 1930 realizou unha estada na Stanford University e despois estudou na Columbia University, cunha bolsa desa universidade.

Bolseira no Instituto Nacional de Física e Química entre 1932 e 1936, traballou no grupo de investigación de Miguel Antonio Catalán e foi profesora de Física e Química nun instituto. Pertenceu á Sociedad Española de Física y Química e á Asociación Española de Mujeres Universitarias .

Exiliouse nos EUA como profesora de lingua e literatura española no Middlebury College, onde, truncada a súa carreira investigadora pola Guerra Civil, presentou a súa tese de doutoramento sobre a obra de Azorín.

En 1968 regresou a España retirada da docencia e da investigación.

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

08

Agosto



Mª del Carmen Martínez Rodríguez

(Cangas del Narcea, Asturias, 1961)

luns martes mércores xoves venres sábado domingo

27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
<i>San Roque. Festivo local Vigo</i>						
24	25	26	27	28	29	30
31	1	2	3			

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo


09

lun mar mér xov ven sáb dom

	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Olaia Naveiras Torres-Quiroga

(A Coruña, 1977)

Estudou Biomedicina na Phillips Academy Andover (Massachusetts) e Medicina na Universidad Autónoma de Madrid, que completou con estadias no verán en Colombia e no Centro Nacional de Investigaciones Oncológicas. Rematou os seus estudos na Université Pierre et Marie Curie de París, onde acadou o Diploma de Inmunoloxía Xeral e das Infeccións do Institut Pasteur. No ano 2003, como bolseira de posgrao da Fundación Barrié e de La Caixa, iniciou os seus estudos de doutoramento na Harvard Medical School, polos que obtivo o Premio Hauser 2007 desta universidade.

Actualmente realiza a súa formación clínica de médica hematóloga en Lausanne (Suiza) e traballa como investigadora no Instituto de Bioenxeñaría da École Polytechnique Fédérale de Lausanne e colabora co laboratorio Swiss Biobank.

Web:

<http://naveiras-lab.epfl.ch/>

Outubro



lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



Pilar de Madariaga Rojo

(Madrid, 1903 – 1995)




Setembro

luns	martes	mércoles	xoves	venres	sábado	domingo
31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23 <i>Día internacional contra a explotación sexual e o tráfico de mulleres</i>	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	Unidade de Igualdade Universidade de Vigo		

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Novembro

Teresa Miras Portugal

(O Carballiño, Ourense, 1948)

Comezou a estudar Farmacia na USC e rematou na Universidad Complutense de Madrid onde foi premio extraordinario e premio nacional fin de carreira en 1971. Obtivo unha bolsa para o Centro de Neuroquímica de Estrasburgo onde acadou o título de Docteur en Sciences en 1975 e posteriormente doutorouse en Farmacia na Universidad Complutense.


É catedrática do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular IV en Veterinaria da Universidad Complutense de Madrid, onde traballa desde 1986, especializándose en receptores de nucleótidos e na súa repercusión en enfermidades neurodaxenativas con numerosas patentes.

Ten máis de 200 artigos publicados en revistas de impacto e obtivo, entre outros, o premio de Investigación Miguel Catalán.

En 2012 foi nomeada presidenta do Comité de Expertos para o estudo da necesidade de reformas na universidade española.

É a presidenta da Real Academia Nacional de Farmacia, a primeira en todo o Estado, e momba da Académie Nationale de Pharmacie de Francia.

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



Olaia Naveiras Torres-Quiroga


(A Coruña, 1977)

10

Outubro

<i>luns</i>	<i>martes</i>	<i>mércoles</i>	<i>xoves</i>	<i>venres</i>	<i>sábado</i>	<i>domingo</i>
28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13 <i>Día de Ada Lovelace (celebración dos logros das mulleres en ciencias, tecnoloxía e matemáticas)</i>	14	15 <i>Día internacional das mulleres rurais</i>	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5			


Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



<i>lun</i>	<i>mar</i>	<i>mér</i>	<i>xov</i>	<i>ven</i>	<i>sáb</i>	<i>dom</i>
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

1º Dobra a folla á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Decembro



lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Susana Martínez-Conde García

(A Coruña, 1969)

Neurocientífica, estudou Psicoloxía na Universidad Complutense e doutorouse en Medicina e Cirurxía pola usc. En 1997 marchou a facer unha estada posdoutoral co Premio Nobel David H. Hubel na Harvard University. Dirixiu o seu primeiro laboratorio de investigación no University College London e desde 2004 foi a responsable do laboratorio de Neurociencia Visual no Barrow Neurological Institute (Arizona). Actualmente dirixe o laboratorio de Neurociencia Integrativa do SUNY Downstate Medical Center da State University of New York.

O seu traballo foi portada de revistas internacionais e publica tanto en revistas de investigación científica como de divulgación, ademais é a fundadora e directora executiva da Neural Correlate Society. Polo seu traballo de divulgación acaba de recibir o Science Educator Award da Society for Neuroscience.

Organizou o 25 congreso anual da European Conference on Visual Perception e o 11 congreso anual da Association for the Scientific Study of Consciousness. Recibiu importantes premios polas súas investigacións como o Premio Prisma á Divulgación ou o EyeTrack Award.

Web:


<http://smc.neuralcorrelate.com/>

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



Teresa Miras Portugal

(O Carballiño, Ourense, 1948)




Novembro

luns	martes	mércoles	xoves	venres	sábado	domingo
26	27	28	29	30	31	1
2	3	4 <i>Día da ciencia en galego</i>	5	6	7	8 <i>Día da solidariedade intersexual</i>
9	10	11 <i>San Martiño. Festivo local Ourense</i>	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25 <i>Día internacional de loita contra a violencia de xénero</i>	26	27	28	29
30	1	2	3	Unidade de Igualdade Universidade de Vigo		

1º Dobra a folia á metade e pega

2º Corta pola liña descontinua



Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

Índice

Xaneiro	Mª José Alonso Fernández	Xullo	Rocío Sotillo Román
Febreiro	Mar Capeáns Garrido	Agosto	Mª del Carmen Martínez Rodríguez
Marzo	Ángela Ruiz Robles	Setembro	Pilar de Madariaga Rojo
Abril	Patricia Sanmartín Sánchez	Outubro	Olaia Naveiras Torres-Quiroga
Maio	María S. Soengas González	Novembro	Teresa Miras Portugal
Xuño	Alicia Estévez Toranzo	Decembro	Susana Martínez-Conde García

Queremos agradecer a todas as mulleres que forman parte deste calendario a súa disposición para colaborar con nós. Tamén nos gustaría recoñecer a axuda que nos prestou Ana Jesús López Díaz.

Todas as imaxes empregadas foron cedidas polas investigadoras.



Susana Martínez-Conde García

(A Coruña, 1969)



12

Decembro

<i>luns</i>	<i>martes</i>	<i>mércores</i>	<i>xoves</i>	<i>venres</i>	<i>sábado</i>	<i>domingo</i>
30	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7			

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo